



VI. ANUNCIOS

B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA CORUÑA

ANUNCIO de aprobación definitiva do estudo de detalle dunha parcela en San Pedro de Visma (expediente 631/272/2013).

O Pleno Municipal, en sesión que tivo lugar o día 3 de febreiro de 2014, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«Primeiro. Aprobar definitivamente o estudo de detalle da parcela catastral 6424904NJ4062S0001WZ, cualificada como dotacional de continxencia de titularidade pública EQ (Pb) polo plan xeral, situada en San Pedro de Visma, A Coruña, para a construción da nova sede da Federación Galega de Fútbol, presentado a trámite por José García Liñares.

Segundo. Notificarlle o acordo de aprobación definitiva ao promotor, aos departamentos municipais de Licenzas e Disciplina Urbanística, Xestión do Solo, Sección de Patrimonio Urbanístico, Oficina do SIX de Planeamento e Área de Infraestruturas.

Terceiro. Ordenar o cumprimento dos trámites administrativos recollidos nos artigos 92.2 e 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para a procurar a entrada en vigor do estudo de detalle».

Contra este acordo podrá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade cos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se considere pertinente.

A documentación exixida polo artigo 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos da entrada en vigor do estudo de detalle dunha parcela sistema local de equipamento situada na zona de San Pedro de Visma, o día 20 de febreiro de 2014.

A Coruña, 24 de febreiro de 2014

César de Jesús Otero Grille
Director de Urbanismo

CVE-DOG: lqpyy8-tqh8-ggz6-o7o8-kzu4rrbqts40

